



O 6 de outubro de 2023 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, presentada por Miguel Ángel Delgado González, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2023/T-00682.

O 16 de novembro de 2023 esta solicitude recibíuse na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, data a partir da cal empezaría a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Una vez analizada a solicitude, admítase parcialmente en base ás seguintes consideracións:

1. No escrito e documentos que acompañan á solicitude, o Sr. Delgado González formula unha serie de aseveracións relacionadas con posibles contratos, subvencións, convenios ou outras actividades que puidesen estar relacionados coa directora xerente da Fundación CETMAR, a presidencia da Xunta de Galicia e a unha empresa denominada "Alfer Formación, S.L".

2. No seu escrito de petición de información, o solicitante expón unha serie de cuestións relativas á persoa e familia da directora xerente da Fundación CETMAR e á "Alfer Formación, S.L" ao marxe do concepto de información pública legalmente definido no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, que fai referencia a "contidos e documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións", alleas, en consecuencia, á finalidade do presente procedemento. De acordo coa letra e) do apartado 1 do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, inadmitíranse a trámite as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei, polo que, respecto de tales cuestións, inadmítase a solicitude de información polo seu carácter abusivo.





3. Do contido da solicitude obsérvase tamén que o reclamante solicita documentación pública vinculada a axudas, contratos, subvencións ou convenios suscritos por "Alfer Formación, S.L" con consellerías da Xunta de Galicia.

4. Sobre esta petición indicar que, da información obrante nesta Consellería do Mar, incluídas as entidades adscritas, os únicos expedientes nos que figura a sociedade mercantil aludida na solicitude son os indicados a continuación:

Contrato	Proced.	Consellería	Obxecto	NIF	Empresa	Importe adxudicación	Data adxudicación	Importe abonado
/gasto menor								
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo para impartir ensinanzas especializadas (lote 1)	B36214542	Centro de estudios de Formación ALFER, S.L.	552.326,00	18/03/2014	552.326,00
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo obtención tit prof náutico pesqueiro e cert. espec.	U94121969	UTE ALFER- ECNSM SEGURIDAD MARÍTIMA	624.610,00	03/07/2015	624.610,00
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo para impartir ensinanzas especializadas	U94145414	UTE C.E. ALFER SL E CANAR.NAV Y SEG M Y C	802.850,00	24/10/2016	622.370,80
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo impartir ensinanzas especializadas (lote 2)	B36214542	Centro de estudios de Formación ALFER, S.L.	736.000,00	12/12/2018	372.320,00
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo impartir ensinanzas especializadas (lote 1)	U94176419	UTE ALFER- ICA	797.300,00	12/10/2018	563.172,00
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Servizo formativo impartir ensinanzas especializadas	B36214542	Centro de estudios de Formación ALFER, S.L.	104.862,50	18/06/2021	VIXENTE

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfnos. 981 544 038
sxt.mar@xunta.gal





Contrato	Proced.	Consellería	Obxecto	NIF	Empresa	Importe adxudicación	Data adxudicación	Importe abonado
/gasto menor						n		
(lote 2)								
Contrato	Aberto	CONSELLERÍA DO MAR	Cursos de patrón portuario	B36214542	Centro de estudios de Formación ALFER, S.L.	71.796,04	08/05/2023	VIXENTE

5. Por outra banda e polo que respecta a documentación pública vinculada a axudas, contratos, subvencións ou convenios suscritos por "Alfer Formación, S.L" con outras consellerías da Xunta de Galicia distintas da consellería do Mar, nas seguintes ligazóns pode atopar toda a información que solicita respecto á referida sociedade mercantil:

Así, polo que respecta á contratación pública, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/contratos> , atópase recollido un apartado no que se pode acceder a cada un dos contratos, clasificados por perfil de contratante, da Administración xeral (consellerías) e de cada una das entidades do sector público autonómico. Ademais en dito apartado recóllese igualmente por perfil de contratante a adxudicación de todos os contratos menores.

Ademais no citado Portal existe un acceso directo á Plataforma de Contratación Pública da Galicia:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/plataforma>

Na Plataforma de Contratación Pública da Galicia publícanse todos os contratos asinados polos distintos órganos de contratación da Xunta de Galicia. A Plataforma conta cun buscador xeral e outro de busca avanzada que teñen por obxecto facilitar a consulta de dita información por parte do interesado. Ademais existen una serie de despregables nos que se pode consultar a información polos seguintes temas "Órganos de contratación", "Materias de interese", "Tipo de tramitación" e "Estado de Tramitación". Respecto de cada un dos expedientes de contratación, ademais da





preceptiva publicación da documentación segundo o esixido na lexislación contractual, figuran os datos dos contratistas, os importes da contratación, as datas de resolución e, no seu caso, de formalización dos contratos. Así pois, nesta Plataforma consta a información á que se refire a solicitude formulada.

No seguinte ligazón se atopa a información relativa as contratos da Fundación Centro Tecnolóxico del Mar-CETMAR:

<https://www.contratosdegalicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=es&N=207&ID=800>

En materia de convenios, atópase nos seguintes enderezos a información relativa ao convenios subscritos pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia,

<https://convenios.xunta.gal/consultaconvenios/busqueda-convenio>

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/convenios/rexistro>

Desde estas ligazóns pode accederse ao “Rexistro de convenios da Xunta” que se atopa dispoñible na páxina web da fundación adscrita á Consellería do Mar e tamén no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia:

En dito Rexistro, de acceso público, resulta posible para a cidadanía a consulta da base de datos da totalidade dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia, tanto da presente lexislatura como de lexislaturas anteriores, motivo polo que se poden efectuar buscas dos convenios polos nomes das actuais consellerías ou polos de anteriores estruturas organizativas.

No caso dos convenios publicados que fosen asinados a partir do 6 de marzo de 2016 -entrada en vigor da Lei de transparencia e bo goberno- será posible descargar directamente desde a ficha de cada convenio o seu texto íntegro ou previamente depurado, así como a súa memoria xustificativa. Polo tanto atopáanse publicados en dito Rexistro os propios convenios nos que se recolle a información á que se refire a solicitude.

No Rexistro de convenios existen unha serie de despregables nos que se poden facer buscas sinxelas e filtrar polos seguintes temas: “Título do convenio”, “Obxecto”, “Ano”, “Data da sinatura”, “Sección”, “Tipo”, “Área” e “Entidade asinante”.





No que se refire a **subvencións**, na seguinte ligazón, atópase a información detallada ás convocatorias e concesións de axudas e subvencións:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/axudas-e-subvencions/axudas-e-subvencions>

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela,
A secretaria xeral técnica

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta 2ª
15781 Santiago de Compostela
Tfnos. 981 544 038
sxt.mar@xunta.gal

